

De orde do Excmo. Sr. Reitor teño a honra de convocar a V. S. á sesión ordinaria do Consello de Goberno que terá lugar o vindeiro día 20 de outubro de 2004, na Sala do Consello de Goberno do Reitorado, A Maestranza, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Informe do Reitor.
2. Aprobación, se procede da acta da sesión anterior, celebrada o día 22 de xullo de 2004.
3. Aprobación de convenios.
4. Convalidación de expedientes de gasto.
5. Aprobación de licenzas, permisos e comisións de servizos.
6. Convocatoria dun concurso de traslados para a provisión de diversas prazas vacantes de persoal laboral informático.
7. Cursos de postgrado e Universidade Senior.
8. Creación do departamento do INEF.
9. Aprobación do Regulamento electoral xeral.
10. Convocatoria das eleccións a representantes de estudantes no Claustro, de estudantes, profesores non funcionarios e PAS nas xuntas de centro e de estudantes, investigadores e lectores nos consellos de departamento.
11. Presentación e debate sobre o plano estratéxico.
12. Rogos e preguntas.

A documentación completa relativa aos puntos 2, 3 e 4 está a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría Xeral da Universidade, atopándose unha copia na Secretaría Técnica do Campus de Ferrol. Achégase con esta convocatoria a documentación dos puntos 5, 6, 7, 8 e 9. O plano estratéxico (punto 11) pode baixarse da web da Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica.

Có fin de axilizar os debates rógase que as enmendas ó Regulamento electoral xeral se presenten por escrito antes das 14 horas do día 19 de outubro.

Os membros do Consello poden aparcar no patio interior do Reitorado durante o tempo que dure a sesión.

A Coruña, 14 de outubro de 2004  
A SECRETARIA XERAL

Asdo. Patricia Faraldo Cabana

**SRES./SRAS. MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO**

